

Platón A República (Libro IV)

«—E acaso- proseguín- o asentir e o negar, desexar algo e rexeitalo, atraelo e repelelo e todas as cousas deste teor poralas entre as que son contrarias unhas ás outras, sen distinguir se son accións e paixóns? Porque isto vén ao caso.

-Sí- dixo; entre as contrarias póñoas.

-E que? – continuei. A fame e a sede e, en xeral, todos os apetitos, e o querer e o desexar, non referirás todas estas cousas ás especies que quedan mencionadas? Non dirás, por exemplo, que a alma do que apetece algo tende a aquilo ao que apetece, ou que atrae aquilo que desexa alcanzar, ou ben que, en canto quere que se lle entregue, dáse asentimento a si mesma coma se alguén o preguntase, no afán de conseguilo?

-Así o creo.

- E que? O non desexar nin querer nin apeteecer non o poñerás, co rexeitar e o despedir de si mesmo, entre os contrarios daqueles outros termos.

-Como non?

-Sendo todo iso así, non admitiremos que hai unha clase especial de apetitos e que os que máis á vista están son os que chamamos sede e fame?

-Admitirémolo – dixo.

- E non é unha un apetito de bebida e outra de comida?

-Sí.

-E acaso a sede, en canto é sede, poderá ser na alma apetito de algo máis que diso que queda dito, como, por exemplo, a sede será sede dunha bebida quente ou fría, ou de moita ou pouca bebida, ou, nunha palabra, dunha determinada clase de bebida? Ou, máis ben, cando a sede, cando á sede se lle agregue certa calor, traerá esta consigo que o apetito sexa de bebida fría, e cando se engada certo frío, fará que sexa de bebida quente? E, así mesmo, cando pola súa intensidade sexa grande a sede, resultará sede de moita bebida, e cando pequena, de pouca? **E a sede en si non será en xeito ningún apetito doutra cousa do que lle é natural, da bebida en si, como a fame o é da comida?**

Necesidade
biolóxica

-Así é- dixo; cada apetito non é apetito máis que daquilo que lle convén por natureza; e cando **lle apetece da tal ou cal calidade, iso depende de algo accidental que se lle agrega.**

Desexo
psicolóxico

-Que non haxa, pois – engadín eu-, quen nos colla por sorpresa e nos perturbe dicindo que ninguén apetece bebida, senón boa bebida, nin comida, senón boa comida. Porque todos, en efecto, apeteecemos o bo.


-Non sen razón, pois- dixer-, xulgaremos que son **dúas cousas diferentes** unha da outra chamando aquilo con que **razoa, o racional da alma**, e aquilo con que **desexa e sente fame e sede e queda perturbada polos demais apetitos, o irracional e concupiscible**, ben avida con certos cansazos e praceres.

-Non; é natural-dixo- que os consideremos así.

-Deixemos, pois, definidas estas dúas especies que se dan na alma.



Platón
(427 – 347 a.C.)



A parte racional da alma debe controlar ao resto para levar unha vida virtuosa e que a alma poida ascender ao mundo das ideas. A felicidade máis completa se acada cando a alma ascende tras a morte e contempla plenamente a idea de Ben (idea suprema).